

RESUMO DA HISTORIA DE ROMA (ÉPOCA IMPERIAL)

I. O PRINCIPADO

1) Emperadores da dinastía Xulia-Claudia (clave: AUTICACLAUNE):

-AUGUSTO: acaba co réxime republicano e organiza o sistema imperial.

-TIBERIO: deixa o goberno en mans dos militares e retírase a unha illa.

-CALÍGULA: entolece ó pouco de subir ó trono e morre asasinado.

-CLAUDIO: é proclamado emperador contra a súa vontade e goberna ben, pero confiou demasiado nas súas esposas.

-NERÓN: recibe unha boa educación e comeza gobernando ben, pero entolece, goberna atendendo só ós seus intereses persoais e morre como consecuencia dunha conspiración.

2) Emperadores da dinastía Flavia (VESTIDO):

-VESPASIANO: imponse despois dun ano de guerra civil no que se sucederon tres emperadores.

-TITO: remata a construción do Anfiteatro Flavio ou Coliseo.

-DOMICIANO: de carácter paranoico, goberna despoticamente e morre vítima dunha conspiración.

3) Emperadores da dinastía Antonina (TRADRIANMARCO):

-TRAXANO: consegue a maior expansión territorial do Imperio.

-ADRIANO: viaxa polo Imperio para organizar as súas fronteiras.

-ANTONINO PÍO: reinado de paz e prosperidade.

-MARCO AURELIO: foi chamado “o emperador filósofo” e gobernou con moderación.

-CÓMODO: gobernou despoticamente e acabou asasinado.

II. O DOMINADO

-DIOCLECIANO: diseña un sistema (tetrarquía) no que o goberno era compartido entre dous emperadores (chamados “Augustos”) que, en vida, debían designar dous sucesores (chamados “Césares”).

-CONSTANTINO: rebélase contra o sistema da tetrarquía, co que estalou unha guerra civil, na que venceu. Pouco despois, autoriza o culto do cristianismo.

-TEODOSIO: declara oficial o cristianismo e, á súa morte, o Imperio quedará definitivamente dividido entre Oriente e Occidente, cun emperador en cada metade.

-RÓMULO AUGÚSTULO: foi o derradeiro emperador de Occidente, co que o Imperio Romano quedou reducido á súa metade oriental, coñecida en diante como Imperio Bizantino.